



## **ACTA DA SESIÓN DO GRUPO DE TRABALLO MIXTO ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "COIDAR DE NÓS".**

Nas dependencias da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, sita na R/ Concepción Arenal, 8 de Vigo, sendo as 08.30 horas do día 27 de setembro de 2018, reúnense:

.En representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Vigo:

D. José Sotelo López, que actúa en calidade de presidente deste grupo de traballo mixto.

Dona Clara Isabel León Álvarez

- En representación dos Concellos de Pontearreas/As Neves:

D. Manuel Martínez Pérez

Dona M<sup>a</sup> Esperanza Goyanes López

Faise constar que todos os presentes teñen voz e voto e que o presidente ten voto de calidade.

A finalidade desta sesión é a constitución do grupo de traballo mixto e **estudar as bases que rexerán os procesos de selección do persoal directivo, docente, administrativo de apoio e do alumnado-traballador do obradoiro de emprego "Coidar de Nós"**

E despois da deliberación dos seus membros, o grupo de traballo mixto, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Constituir o Grupo de traballo mixto.

Segundo.- **Aproba-las bases para a selección do persoal directivo, docente, administrativo e dos alumnos-traballadores do obradoiro de emprego.**

Terceiro.- Delegar na entidade promotora a presentación das ofertas xenéricas na oficina de emprego de Pontearreas.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, sendo as nove horas e trinta minutos do día antes indicado, asinando os asistentes a presente, por duplicado exemplar, en proba de conformidade.